

SPRING AND FLOWERS

Sempre cando chega a primavera, empezamos a maravillarnos polo colorido que as flores dan aos campos, ás árbores e como non os xardíns locen esplendorosos.

Iso tamén maravillaba a unha gran artista americana Georgia O'keeffe. Esta artista é considerada a nai do Modernismo americano por sus enormes primeiros planos de flores, ademáis de magníficos paisaxes.

Empezou a pintar dende moi pequeniña e seguiu ata máis dos 90.

Estes son algúns exemplos das súas obra con flores.



Por iso vos propoño para esta e a próxima semana (15 días) a realización dunha obra sobre UNHA FLOR, a que elixades, pero ao GRANDE, ocupando a maior parte do papel, con COLORIDO, feita coa calma necesaria para que o seu resultado sea esplendoroso.

Como? Usando material que tedes na casa:

- Sobre un papel, carolina, cartón (caixa de zapatos), papel de envolver,...., da igual hai que ser creativos.
- Con rotuladores, ceras, acuarelas, como colaxe (pegando papeliños) O que teñades na casa, pero colorido e ben feito

Que flor? A que máis vos guste, unha que teñades no xardín, nun floreiro, que vichedes en unha revista,..... a que máis vos guste

Eso si: ten que ser FEITA POR VÓS, coa mínima axuda posible, para desenvolver as vosas capacidades artísticas.

